

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	IES Félix Muriel	Rianxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	25
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

O IES Félix Muriel encrávase no lugar de Rianxiño, no extramuro da vila mariñeira de Rianxo. O concello de Rianxo encóntrase ao Sur da provincia de A Coruña, sobre a marxe dereita do río Ulla, no alfoz da ría de Arousa. Cunha extensión de 58,99 km<sup>2</sup> e unha poboación que reborda os 12.000 habitantes, asenta sobre un terreo en xeral fértil de montes, chairas e algúns vales de fonda tradición e cultura mariñeiras. A súa densidade, 206,69 habitantes/km<sup>2</sup>, é superior á media provincial, e concéntrase maioritariamente na zona central do Concello, adoptando asentamentos lineais ao longo das estradas, con algunhas aldeas montesías e outras arredadas das estradas principais.

O Concello, constituído por unha vila, 71 entidades de poboación rural e algunhas casas illadas, contén seis parroquias: Rianxo, Taragoña, Asados, Araño, Leiro e Isorna. A realidade educativa do Concello confórmana tres colexios de Educación Infantil e Primaria: o CEIP A.D.R. Castelao, na propia vila, o CEIP Brea Segade na parroquia de Taragoña e o CEIP Ana María Diéguez en Asados. Ademais, conta cun CRA en Asados que abrangue todas as escolas unitarias do concello. Coma único centro de Secundaria está o I.E.S. Félix Muriel.

Fóra do antedito, a iniciativa municipal responsabilízase dos Programas de Educación de Adultos e de Formación Laboral (cursos de Formación Ocupacional). Mantéñense algunhas dinámicas demográficas propias da cultura mariñeira, e hai bastantes pais novos e unha natalidade superior á media galega, aínda que está a descender nos últimos anos. Culturalmente Rianxo é un concello bastante activo, con museos vencellados ao mar e aos seus fillos máis ilustres e unha máis ca notable actividade musical.

No propio IES, predomina o alumnado de familias moi vencelladas ao sector pesqueiro en sentido amplo: pescadores, mariscadoras, bateiros, empregadas das conserveiras, etc. Son maioritariamente dun entorno urbano ou semiurbano, da propia vila de Rianxo; aínda que tamén son numerosos os de Taragoña e Asados. Pola contra o número de alumnos de entorno rural é cada vez menor. O alumnado é bastante homoxéneo, orixinario do propio concello, cunha proporción moi pequena de inmigrantes (aproximadamente un 2%), e a maioría deles con varios anos no sistema educativo galego e plenamente integrados. A lingua predominante é o galego. No ciclo a heteroxeneidade é maior, con alumnos máis idade (entre os 16 e os 50) e de toda a comarca do Barbanza e Padrón. Polo xeral non se trata dun alumnado conflictivo, pois apenas hai problemas de convivencia. Na ESO os partes son debidos máis ben á reiteración de condutas disruptivas leves.

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo contribúe á percepción e a análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do devir a través do tempo e do espazo e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea. Vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son as relacións que establecemos e as normas de funcionamento que as rexen resultan esenciais para que o alumnado poida asumir os seus dereitos e responsabilidades e exercitar a cidadanía cara un comportamento cívico.

Procúrase proporcionar ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso coñecer para aprender a evitar situacións semellantes. Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado. Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2	1	2		11	1-2-3	1	
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5	1			11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A crise do Antigo Réxime: a irrupción do liberalismo	A unidade aborda a aparición das revolucións liberais ( EEUU, Francia), a aparición do imperio napoleónico así como a loita entre o liberalismo e o absolutismo ao longo do século XIX, pasando pola Santa Alianza, as vagas liberais ou a aparición dos nacionalismos.	14	20	X		
2	A Revolución Industrial: O proceso de industrialización e movemento obreiro	A unidade abrangue a aparición da 1ª e 2ª revolución industrial e dos diferentes cambios socioeconómicos que tiveron lugar a consecuencia da mesma, como a aparición do movemento obreiro. Analizarase as achegas e os cambios políticos, económicos e sociais acontecidos debido ao mesmo.	12	20	X		
3	O Imperialismo: O mundo xeopolítico a finais do século XIX	Nesta unidade traballarase para coñecer a realidade política a finais do século XIX e a loita das potencias coloniais pola hexemonía mundial.	10	18	X		
4	A I Guerra Mundial e a Revolución Rusa	A unidade repasa as causas e o desenvolvemento da Gran Guerra así como tamén a revolución rusa e as súas repercusións.	12	18		X	
5	O mundo de entreguerras: A gran depresión e o auge dos totalitarismos e do nazismo	Na unidade analizamos o mundo na década dos anos 20 e dos anos 30 do século XX a nivel social, político e económico. Causas e consecuencias territoriais. (1870 e 1914) A pintura na segunda metade do século XIX.	14	18		X	
6	A II Guerra Mundial	Nesta unidade analizamos un dos conflitos máis coñecidos e con máis repercusión da historia contemporánea, analizando as súas causas, desarrollo e consecuencias.	14	14			X
7	A Guerra Fría. Un mundo dividido	Na unidade presente analizamos a división dos dous bloques antagónicos que dominaron o mundo no século XX.	12	16			X
8	A Descolonización. A xeopolítica do mundo actual	Analizamos o mundo actual partido das consecuencias da descolonización e como o proceso afecta na actualidade á xeopolítica mundial.	12	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A crise do Antigo Réxime: a irrupción do liberalismo	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	PE	80
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Enumera e describe as ideas da Ilustración e as ideas do Liberalismo do comezo do século XIX relacionándoas coas críticas ao sistema do Antigo Réxime.		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Describe as características do parlamentarismo inglés fronte ao absolutismo. Identifica as revolucións inglesas do século XVII como promotoras do cambio político do Antigo Réxime.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con documentos e fontes históricas sobre a caída do Antigo réxime, o advenimento dos ciclos revolucionarios e a formación dos movementos nacionalistas.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Analiza o papel das mulleres nos ciclos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX a partir de distintas fontes.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Identifica as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, relacionando as súas causas (prestando especial atención ao impacto do Congreso de Viena e da Europa da Restauración) e o seu desenvolvemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Proxecto-Investiga as características do comercio triangular e a situación da escravitude no século XVIII, atendendo especialmente á realidade das mulleres escravizadas.	TI	20
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Prácticas-Realiza comentarios e composicións históricas empregando como base distintos tipos de fontes (documentais, fotográficas, cartográficas etc.)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.</li> <li>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.</li> <li>- A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.</li> <li>- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.</li> <li>- O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.</li> <li>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.</li> <li>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.</li> <li>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.</li> <li>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
2	A Revolución Industrial: O proceso de industrialización e movemento obreiro	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Describe as Revolucións Industriais dos séculos XVIII e XIX establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias políticas, económicas, sociais e culturais.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Describir as transformacións e conflitos laborais e civís xurdidos entre os séculos XVII, XIX e comezos do XX distinguindo o desenvolvemento dos mesmos e os factores desencadeantes.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Compara as características da sociedade estamental coas da sociedade de clases xurdida a raíz das Revolucións Industriais en países occidentais.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Avalía o impacto das Revolucións Industriais a nivel ambiental, relacionándoo co xurdimento do movemento ecoloxista.	PE	80
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Avalía o impacto da revolución demográfica e a súa relación cos movementos migratorios, o crecemento das cidades e os cambios no eido do traballo.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analiza e realiza comentarios e composicións históricas sobre as Revolucións Industriais empregando distintos tipos de fontes historiográficas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Analiza e realiza comentarios e composicións históricas sobre a orixe do movemento obreiro empregando distintos tipos de fontes historiográficas.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Analiza e realiza comentarios e composicións históricas sobre algunhas das ideoloxías xurdidas no século XIX: liberalismo, socialismos utópicos, marxismo ou anarquismo.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Proxecto-Analiza o papel das mulleres no movemento abolicionista nos séculos XVIII e XIX.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.</li> <li>- A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O Imperialismo: O mundo xeopolítico a finais do século XIX	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Analiza as principais causas da expansión imperialista levada a cabo ao longo do século XIX en África e Asia.		
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Avalía a pegada do imperialismo en Asia, prestando especial atención aos casos chinés, coreano e xaponés. Valora os cambios producidos en Xapón a raíz da súa industrialización.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Describe os sistemas de organización establecidos polas potencias imperialistas nos territorios conquistados no século XIX.	PE	80
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Analiza as principais consecuencias da expansión imperialista levada a cabo ao longo do século XIX en África e Asia.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analiza os conflitos xurdidos entre as potencias imperialistas durante o seu proceso de expansión, relacionándoos co camiño cara a I Guerra Mundial.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Relaciona o auxe do nacionalismo coa xustificación do proceso imperialista, o impacto cultural da colonización nos pobos colonizados e os conflitos entre as potencias imperialistas.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Proxecto-Investiga e avalía as condicións de traballo nos países colonizados durante a Era do Imperialismo.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A I Guerra Mundial e a Revolución Rusa	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica causas que propiciaron a I Guerra Mundial e explica a formación dos dous bloques de alianzas internacionais.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Describe e compara as distintas fases da guerra, explica e valora a intervención de Estados Unidos na I Guerra Mundial e mais a retirada de Rusia tras a Revolución.		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Valora o impacto da Revolución rusa e da formación da Unión Soviética a nivel político, ideolóxico e social en Europa. Analiza as consecuencias da I Guerra Mundial na perda de confianza nos réximes liberais e no capitalismo		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Analiza e realiza comentarios e composicións sobre a Revolución Rusa a partir de distintos tipos de documentos históricos.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analiza e realiza comentarios e composicións sobre a I Guerra Mundial a partir de distintos tipos de documentos históricos.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Explica cal era a situación de Rusia a comezos do século XX e cales foron os desencadeantes da Revolución rusa, prestando especial atención á formación de distintos grupos ideolóxicos.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Proxecto-Analiza o papel da poboación das colonias no marco da I Guerra Mundial.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.
- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.
- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.

UD	Título da UD	Duración
5	O mundo de entreguerras: A gran depresión e o auxe dos totalitarismos e do nazismo	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Valora as causas que explican o auxe dos totalitarismos, prestando especial atención aos efectos da Gran Depresión.		
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Explica os efectos políticos, sociais, económicos e financeiros para os países contendentes na I Guerra Mundial.	PE	80
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Compara o que ocorreu nas novas democracias e nos países cunha longa tradición democrática na Europa de entreguerras.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Analiza as tácticas empregadas polos totalitarismos para acadar o poder.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Realiza comentarios e composicións históricas do auxe dos totalitarismos a partir de distintos tipos de fontes históricas.		
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Valora as principais causas e consecuencias do Crac de 1929 e da Gran Depresión empregando distintos tipos de fontes históricas.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Explica os principais trazos do nazismo alemán e do fascismo italiano.		
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Analiza a relación entre a globalización e interconexión dos mercados internacionais coa rápida expansión da Gran Depresións, prestando atención a casos como o da Unión Soviética.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Avalía o efecto das políticas exteriores da Alemaña nazi e da Italia fascista.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Analiza como levou a cabo o adoutramento da sociedade no fascismo e no nazismo.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Proxecto-Analiza o impacto dos traballos forzados na Unión Soviética de Stalin, na Alemaña nazi de Adolf Hitler ou na España franquista a nivel económico e social.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.</li> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.</li> <li>- A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> <li>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	A II Guerra Mundial	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Analiza os cambios políticos e territoriais que experimentou Europa tras o final da II Guerra Mundial	PE	60
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Describe e compara as diferentes etapas da II Guerra Mundial, prestando especial atención á participación dos Estados Unidos e da Unión Soviética.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Relaciona a pegada da I Guerra Mundial coa política exterior adoptada polas democracias occidentais en relación á Alemaña nazi ou á Italia fascista.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Analiza fontes históricas e elabora comentarios e composicións sobre as principais causas e consecuencias da II Guerra Mundial.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Explica a relación entre as promesas levadas a cabo polos Estados occidentais en Oriente Próximo e algúns dos conflitos que persisten na rexión, como o palestino-israelí.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Valora as dimensións, extensión e alcance da II Guerra Mundial tanto a nivel territorial como de número de países contendentes.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Avalía o impacto do Holocausto, a formación do Estado de Israel, o recoñecemento do delito de contra a humanidade e mais o alcance dos xuízos celebrados contra a actuación das ditaduras na II Guerra Mundial.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Proxecto-Investiga a situación das mulleres nos campos de concentración e de traballo durante a II Guerra Mundial.		
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Proxecto-Investiga e valora o trato ás persoas encerradas en campos de concentración na Alemaña nazi, na Rusia de Stalin ou nos campos xaponeses en China e Corea durante a II Guerra Mundial.	TI	40
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Describe e valora o labor e os obxectivos da ONU nas relacións internacionais tras a II Guerra Mundial.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Proxecto-Investigar e analizar ás empresas que colaboraron cos réximes ditatoriais nas décadas dos 30 e 40 e que empregaron a man de obra forzosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.</li> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> <li>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A Guerra Fría. Un mundo dividido	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Analiza as causas e consecuencias dos conflitos bélicos que tiveron lugar no marco da Guerra Fría (Corea, Vietnam, Afganistán etc.).		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Establece razoada e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o mundo comunista.	PE	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Valora as consecuencias da expansión do ideal do 'modo de vida americano', o auge da sociedade de consumo e do sistema económico capitalista no mundo a partir de distintas fontes históricas.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Analiza o papel dos Estados Unidos no establecemento de réximes ditatorias na América Latina.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Diferencia as características principais das distintas etapas da Guerra Fría a partir de distintos tipos de documentos históricos, ao partir dos cales elabora comentarios ou composicións.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Explica o proceso de descomposición da Unión Soviética, atentando aos principais conflitos internos do bloque comunista e prestando a atención a fitos como a caída do muro de Berlín.	TI	35
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Proxecto-Investiga e analiza formas de escravitude contemporáneas como o traballo infantil ou a trata de mulleres.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.

### Contidos

- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.
- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.
- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.
- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.
- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.
- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.

UD	Título da UD	Duración
8	A Descolonización. A xeopolítica do mundo actual	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Enumera os principais problemas dos países do terceiro mundo e explica as causas e as características do subdesenvolvemento.	PE	100
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Establece de forma razoada as distintas causas e feitos factores que desencadean e explican o proceso descolonización.		
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Proxecto-Investiga e avalía as condicións de traballo forzoso nos continentes africano ou asiático.		
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Analiza e describe as características dos países do Terceiro Mundo a partir de gráficas e distintas fontes históricas, realizando comentarios ou composicións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.</li> <li>- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.</li> <li>- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.</li> <li>- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.</li> <li>- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.</li> <li>- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.</li> <li>- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.</li> <li>- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores. Dado que as competencias clave están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, as situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Hª do Mundo Contemporáneo, incorpora tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación da problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) cunha metodoloxía baseada no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elaborará os contidos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe significativa.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor. Finalmente, para poñer en práctica o dominio dos contidos básicos das Ciencias Sociais o alumnado levará a cabo traballos de investigación de maneira individual ou grupal.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos
Fichas fotocopiáveis
Material audiovisual
Novelas históricas, novelas gráficas
Arquivos dixitalizados
Filmes, documentais, curtas
Programas de radio, documentos sonoros



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos. Ademais, realizarase unha avaliación unicial ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais posibilitanos definir a didáctica e metolodoxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	60	65	100	<b>78</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	40	35	0	<b>22</b>

### Criterios de cualificación:

En canto aos criterios de cualificación determínase un 80% para as probas escritas a un 20% de outros indicadores. Este 20% valorarase a través da realización de proxectos, avaliados mediante As probas escritas faranse por trimestre, cun mínimo de dúas probas escritas por trimestre. O modelo de exames variará segundo as necesidades pedagóxica: preguntas de desenvolvemento; comentario de documentos históricos, a composición histórica ou definición de conceptos, entre outras.

Para calcular a nota media na avaliación de cada trimestre, teremos en conta a nota media ponderada, tendo que ter superados todos os traballos e probas en cada un dos trimestres. A cualificación final será a nota media aritmética das tres avaliacións de cada trimestre. Aplicarase o redondeo da cualificación e este será á alza cando o decimal é igual ou superior a 0.5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 0.5. Considérase que un alumno ou alumna supera positivamente a avaliación cando a súa nota na mesma non sexa inferior a 5 puntos.

No caso de que se detecten casos de plaxio ou se detecten durante as probas escritas material non autorizado para a realización do exame, invalidarase todo o feito ata o momento e calificarase a proba cun 0 que fará media no trimestre co resto de probas e actividades. O alumnado afectado terá a posibilidade de repetir o parcial na data de recuperación dese trimestre fixada pola docente.

Considérase que promocionará ao seguinte curso na materia de Xeografía e Historia o alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 puntos ao facer media das 3 avaliacións. Para poder calcular esta media é requisito imprescindible ter aprobadas as 3 avaliacións (con nota de 5 ou superior) antes da avaliación final. Asemade, promocionarán todos aqueles que consigan unha nota mínima de 5 puntos na convocatoria extraordinaria.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade a nota mínima dun 5, tendo en conta o redondendo, poderá presentarse a unha proba de recuperación trimestral. Así mesmo, se ten suspensos os criterios equivalentes ao proxecto, deberá presentar unha serie de prácticos sobre os contidos correspondentes. Se, tras realizar as probas de recuperación trimestral, o alumnado tampouco acada a nota mínima poderá presentarse a unha proba de recuperación final. Nesa proba examinarase de todos os contidos explicados ao longo do curso.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Aquel alumnado que teña pendente a materia de Historia do Mundo Contemporáneo:

- Realizará dous boletíns de actividades nos que se traballarán os contidos mínimos a acadar para unha avaliación positiva. A correcta elaboración dos mesmos valorarase cun 20% da cualificación da materia. A entrega dos boletíns terá unha data límite marcada pola docente no momento da notificación e entrega dos mesmos. Os boletíns de prácticos entregaranse a través da Aula Virtual e serán cualificados empregando rúbricas.

- O alumnado realizará dúas probas escritas, unha en xaneiro e outra en abril. As probas realizaranse en liña, cunha duración de 50 minutos, e valoraranse cun 80% da cualificación da materia. O alumnado contará con apuntamentos e indicacións para preparar as probas facilitados pola docente a través da Aula Virtual.

- En caso de que a media ponderada das prácticas e das probas escritas, unha vez redondeada a partir do 0,5, non alcance a cualificación mínima o alumnado poderá presentarse a unha proba escrita presencial que terá lugar no mes de maio. Para superar a materia deberá obter unha cualificación de 5 ou superior, tendo en conta o redondeo.

### 6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, así o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias. En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade dos conceptos, termos e procesos históricos estudados. O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Empregando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada alumno ou alumna.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado:

- Esquemas de síntese cos conceptos fundamentais

- Actividades con diferentes graos de profundización

- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ampliar coñecementos

- Indicacións a través da aula virtual e na clase das posibles preguntas das probas, para que o alumnado poda preparalas na casa con antelación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X		X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores					X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade de xénero		X	X				X	X
ET.8 - Creatividade		X			X	X	X	

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Posible saída relacionada cos contidos traballados nalgún dos trimestres.	Posible saída relacionada cos contidos traballados nalgún dos trimestres.	X	X	X

### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demostra coñecemento da materia
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se seguiu na aula
Metodoloxía empregada
Emprega variedade de recursos: presentacións, textos, fontes audiovisuais,...
As explicacións son axeitadas e claras
Empregáronse instrumentos de avaliación variados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planifica as leccións
Os criterios de avaliación e cualificación son claros
Sabe dirixir as clases
Axéitase aos tempos planificados para cada actividade

Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Atende e resolve as dúbidas
As probas escritas son axeitadas
Revisa as tarefas realizadas e achega propostas de mellora
Valora o traballo diario e mais o esforzo
Proporciona ferramentas para afondar nos contidos a aquel alumnado interesado
Clima de traballo na aula
Procúrase relacionar os contidos con intereses do alumnado
Motiva a participación do alumnado nas sesións

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente. En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON ou mediante gradación 1 (moi escaso) a 5 (óptimo) será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens .

En reunión de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos históricos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo.
- Adecuación dos contidos programados.
- Terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso ou cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

## 9. Outros apartados